

letras atlánticas

Escrita do vento

A literatura oral, do ostracismo á primeira liña



ARMANDO REQUEIXO

Durante moito tempo a literatura galega de tradición oral considerouse unha sorte de creación menor á que apenas se se lle recoñecía o seu valor comunal e, por tanto, identitario e, se acaso, o seu enxeño máis ou menos ocorrente. É certo que dende os tempos de Murguía e compañía este tipo de literatura se vencellou ao proceso de recuperación do acervo cultural patrio, mais tamén o é que logo dese rexurdir inicial e unha vez que a nosa escrita de autor coñecido se relanzou o interese por esta clase de producións desapareceu ou ficou relegado a uns cantos eruditos que, moitas veces dende disciplinas anexas á filoloxía como a etnografía ou a antropoloxía, recollían estas mostras creativas máis con afán documental que outra cousa.

Pois ben, dende hai anos esta situación mudou a mellor e nos últimos tempos non é difícil ver entre as listaxes de obras publicadas en galego traballos nos que se recollen textos de tradición oral ou se analizan tesemuños desta natureza en ensaios e estudos de grande rigor.



O feito de que dentro do órgano directivo da propia Asociación de Escritores en Lingua Galega exista unha vogalía dedicada á Literatura de Tradición Oral –eficientemente coordinada por Antonio Reigosa– demostra ata que punto a consideración deste tipo de obras ten cambiado.

Xustamente froito do labor desa vogalía é a publicación do novo volume da revista da Asociación, *Escrita contemporánea*, desta volta centrada na transcripción da Acta das II Xornadas de Literatura Oral, que nesta ocasión tivo como motivo central “O mito que fascina: do lobo ao lobishome”.

Para estudar a presenza no noso universo literario de tradición oral do lobo e, tamén si, o

IMPORTANCIA
“Dentro de Aelga existe unha vogalía dedicada á literatura de tradición oral, coordinada por A. Reigosa”

seu hábitat e costumes como animal que conforma unha parte esencial da nosa paisaxe montañesa déronse cita en Lugo no pasado outubro especialistas galegos e foráneos como Xabier P. Do campo, Antxon Gómez Lorente, Alberte Reboreda ou José Luis Garrrosa Gude. Todos eles, coordinados polo amentado Reigosa e mais por Isidro Novo, ilustraron o público oínte a propósito da importancia do lobo na literatura escrita de autor coñecido en Galicia e no resto do mundo, sobre o seu papel de animal totémico e maldito nalgúñas tradicións, verbo dos espazos lupinos e foxos galegos nos que se move e incluso no referente ao licantrópismo como eixe temático do imaxinario de noso e universal.

Non é esta a tónica achega que estes días nos lembra o papel des-

tacado que a nosa literatura de tradición oral vén, merecidamente, recuperando.

Nesta mesma liña avanza a monografía “Ao pé da Laxa da Moa”, obra do ferrolán Antón Cortizas, quen recolle neste título publicado por Edicións Xerais de Galicia máis de milleiro e medio de textos poéticos, preto de trescentas adiviñas, outras tantas expresións paremiolóxicas, medio cento de contos, algunhas lendas e trabalinguas e outros textos puntuais tomados todos da tradición oral das terras de Carnota e os seus arredores, onde Cortizas foi docente hai anos e onde o seu alumnado daquela recolleu estas valiosas mostras.

O traballo de Cortizas, como moitos outros desta natureza, non debe

EVOLUCIÓN

“Unha vez que a nosa escrita de autor coñecido se relanzou, o interese pola produción oral desapareceu”

vulgarse tanto polo rigor científico na presentación dos textos recollidos como polo propio feito de salvar estes do esquecemento, pois pasadas xa tres décadas desde que se levou a cabo esta recolleita moitos dos informantes que forneceron a información ao alumnado de Cortizas seguramente xa non estean entre nós e, probablemente, con eles desapareceu boa parte do seu saber literario oral.

Haberá que facer votos para que o crecente interese por este tipo de producións continúe adiante e que nos vindeiros anos frutifique en máis xornadas e publicacións que axuden a visibilizar unha literatura e unha cultura en tantos sentidos relegada por longo tempo.


Mais son dos que gustaría que esta clase de obras servisen, sobre todo, para estimular as nosas xentes, especialmente as máis novas e novos, para espertar neles a curiosidade por unha realidade que, sen a súa participación activa como transmisores dese saber, acabará irremisiblemente por esmorecer, escrita do vento.

armandorequeixo@hotmail.com



Antón Cortizas

Ao pé da Laxa da Moa
Literatura de tradición oral de Carnota



XERAIS